

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO CORGO, DO
DÍA 28 DE XANEIRO DE 2016.**

PRESIDENTE:

D. José Antonio Ferreiro González.
(PP)

CONCELLEIROS:

ASISTENTES:

D. Felipe Labrada Reija (PP)
D. Marcos TrashorrasReija (PP)
Dª Mª del Mar Gómez Gómez (PP)
Dª. Mª JesúsAlvarez Fole (PP)
D. Javier Cerqueiro González (PSOE)
D. JesúsSeijas Abuín (PSOE)
Dª Marta López Abeledo (PSOE)
D. Mario Outeiro Iglesias (BNG)
Dª María Abuín Sanfiz (BNG)
D. Francisco Javier Vila Núñez (DIC)

SECRETARIO:

D. Marco Antonio García-Gabilán
Sangil

No salón de sesións do Concello do Corgo, ás 12:00 horas do día 28 de xaneiro de 2016 reúnese o Pleno do Concello co obxecto de celebrar sesión ordinaria.

Preside o acto o Sr. alcalde D. José Antonio Ferreiro González e asisten os concelleiros que se relacionan á marxe.

Da fe do acto o Secretario, D.
Marco A. García-GabilánSangil

A) PARTE RESOLUTIVA.

1. Lectura e aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, celebrada o día 3 de decembro de 2015.

Mario Outeiro solicita que os videos dos plenos se publiquen na páxina web sen ter que agardar á aprobación do borrador da acta da sesión anterior, para que teña unha eficacia en tempo real.

2. Acordo relativo ás subidas salariais do persoal segundo proposta presentada por DIC.

O Alcalde dá conta do ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda celebrada o día 25 deste mes de xaneiro, que literalmente di:

"

1. *Moción relativa ás subidas salariais do persoal presentada por DIC.*

Dáse conta da proposta presentada polo concelleiro de DIC, Javier Vila Núñez, que literalmente di:

*"MOCIÓN RELATIVA ÁS SUBIDAS SALARIAIS DO PERSOAL E CONTRATOS
Francisco Javier Vila Núñez, concelleiro do grupo municipal Demócratas Independientes do Corgo (DIC) ven formular para a súa aprobación a seguinte moción en base a:*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente moción ten como finalidade a regulación salarial de algunhas persoas que prestan servizos neste concello, así como a adecuación dun contrato ás horas desempeñadas.

Dacordo co exposto solicitamos ó Pleno da Corporación Municipal a adopción dos acordos seguintes:

- 1. Persoal de axuda no fogar. Subida salarial segundo convenio regulador vixente.*
- 2. Traballadora social. Subida salarial segundo convenio regulador vixente.*
- 3. Subida salarial ao Sr. Manuel Rodríguez González, que realiza gardas fora da xornada laboral a fin de atender urxencias, averías... tanto de noite coma de día; aproximadamente 200€ netos.*
- 4. Informadora da OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil), subida salarial de 103, 58€ por xornada laboral de 5h.*
- 5. Chelo, subida salarial de 137,14€.*
- 6. Aprobación de contrato a tempo completo para o Sr. Francisco Tallón Ferreiro.*
- 7. Que esta subida salarial teña carácter retroactivo con data de comezos de ano 2016.*

En O Corgo, a día 20 de xaneiro de 2016”

De seguido o Secretario explica o informe que lle foi solicitado, que conclúe o seguinte:

“1.- Se puede modificar los créditos de personal del presupuesto prorrogado.

2.- Se podrá utilizar como fuente de financiación las transferencias de crédito, sin embargo, debe proponerse al órgano competente para la aprobación de la modificación -el pleno-, aquellas partidas del presupuesto prorrogado, que serán esencialmente del Capítulo 2º, que sean minorables, teniendo en cuenta que posteriormente, en caso de necesidad, no se podrán incrementar y que las circunstancias del ejercicio de 2015 no son las

mismas que las del 2016, pudiendo darse la circunstancia de que no alcancen los créditos iniciales para afrontar gastos de otros capítulos.

3.- Otra fuente de financiación podrá ser el remanente de tesorería una vez que se cuantifique en la liquidación del presupuesto -que deberá estar confeccionada antes del 1 de marzo de este año- por lo que entiendo que en este momento no es susceptible de ser utilizada.

4.- En alguno de los supuestos de la modificación que se propone habrá de modificarse previa a simultáneamente el catálogo de puestos de trabajo (auxiliar administrativo, operario servicios múltiples, y vigilante)...”

Javier Vila di que se faga con cargo ao remanente ou no seu defecto, con cargo ao capítulo 2º.

A Comisión en votación ordinaria e por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta que antecede.”

Javier Vila explica o contido da súa proposición.

Javier Cerqueiro explica que cando votaron en contra da aprobación dos orzamentos para 2016, non pretendían prexudicar ás persoas, xa que eles non queren ir a asuntos persoais. Cre que a moción está ben presentada.

Mario Outeiro comenta que o seu grupo está a favor da moción, pero non dos orzamentos.

O alcalde explica que o contido desta moción xa ía contemplado no orzamento que non se aprobou.

Marcos Trashorras comenta que o carácter retroactivo non se pode aplicar a tódolos traballadores. Nalgún cso, como o de Francisco Tallón, será desde cando se lle modifique o contrato.

Rematado o debate, o pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a referida moción.

3. Acordo de solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2015, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, modalidade de solicitude individual.

O Alcalde dá conta do ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda celebrada o 25 de xaneiro de 2016, na que se ditaminou favorablemente solicitar unha subvención ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2015, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, modalidade de solicitude individual para levar a cabo o proxecto de infraestruturas cas seguintes actuacións: Pavimentación de camiño en Don Xulián, parroquia de San Cristovo de Chamoso, e Alumeado do novo campo de fútbol de adestramento.

Ábrese debate, tras o cal, o pleno en votación ordinaria e por unanimidade, acordou:

- 1) A solicitude dunha axuda de 40.000 €, ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2015, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para levar a cabo as seguintes actuacións:
 - Pavimentación de camiño en Don Xulián, parroquia de San Cristovo de Chamoso.
 - Alumeado do novo campo de fútbol de adestramento.
- 2) Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na devandita orde.

3) Para o caso de que a subvención fora concedida, no seu día, o Pleno aprobará a correspondente modificación de créditos para financiar a parte non subvencionada.

4. Acordo de solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2015, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a creación e/ou melloras das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, modalidade de solicitude conxunta.

O alcalde dá conta do ditame da comisión permanente de Economía e Facenda celebrada o 25 de xaneiro de 2016, na que se acorda solicitar unha subvención de ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2015, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a creación e/ou melloras das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, modalidade de solicitude conxunta co concello de Castroverde para levar a cabo a seguinte actuación: :“Pavimentación de vías municipais entre os núcleos de poboación de O Canteiro (Castroverde) e Adai (O Corgo)”.

Abrese debate, tralo cal, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou:

- 1) A solicitude conxunta co concello de Castroverde dunha axuda de 50.000 €, ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2015, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para executar de forma compartida a obra de:“Pavimentación de vías municipais entre os núcleos de poboación de O Canteiro (Castroverde) e Adai (O Corgo)”.
- 2) Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na devandita orde.

3) Para o caso de que a subvención fora concedida, no seu día, o Pleno aprobará a correspondente modificación de créditos para financiar a parte non subvencionada.

4) Nomear ao alcalde do Concello do Corgo como representante da agrupación Corgo-Castroverde, con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria corresponden a agrupación que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda.

5) Aprobar o convenio de colaboración Corgo-Castroverde para a execución da obra de "Pavimentación de vías municipais entre os núcleos de poboación de O Canteiro (Castroverde) e Adai (O Corgo).

5.-Acordo de solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2015 de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza regula os criterios de repartición e establece as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016.

O alcalde dá conta do dictame da comisión permanente de Economía e Facenda celebrada o 25 de xaneiro de 2016, na que se acorda solicitar unha subvención de ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2015 de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza regula os criterios de repartición e establece as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016.

O alcalde explica que tiña previsto acometer a obra da rede de saneamento de Chousa, pero faltan os permisos.

Explica que unha das propostas que se levou á Comisión Informativa era a da construción dunha soleira de formigón nos puntos de recollida de

plásticos de silo en O Cambeiro e en Cela. Comenta que feitos os cálculos, si se fai en formigón os dous puntos de recollida, só chegarían os cartos para facer unha, xa que non vale unha soleira calquera, porque teñen que entrar camións de 20 toneladas para recoller os plásticos. Polo que se pasa a facer no Cambeiro con peche de tullas e en Cela só se fará cun peche de plástico xa que hai pena; perfilarase o terreo e despois pecharase.

Felipe Labrada di que cando se retiren, algún día, eses puntos de recollida, quedarían mal as soleiras.

Continúa o alcalde dicindo que outra obra é a mellora do alumeadado público co campo de fútbol municipal antigo, substituindo as luminarias actuais por outras lec.

En canto á proposta do saneamento da Gándara, explica que vai dende o chalet de Muínelo ata a urbanización de Reguera, instalando unha tubería de auga para aproveitar a obra.

Javier Vila opina que é importante que antes de que se publique a subvención, o concello teña acadado os terreos e as autorizacións da Confederación Hidrográfica.

O alcalde contéstalle que xa se están a tramitar os permisos. Este proxecto séguese elaborando para iso.

Javier Vila di que en relación cos terreos pode ser voluntaria e forzosa. Entende que nestes supostos estaría xustificada unha expropiación forzosa.

O alcalde explica que iso leva un tempo.

Felipe Labrada di que non se poden pedir os permisos sen ter o proxecto redactado, e en canto á expropiación, é mellor chegar a un acordo cos propietarios.

En canto aos terreos onde se vai instalar a depuradora, o alcalde explica que son do Obispado de Lugo, e por iso se lle mandou un plano onde se sinala o lugar onde irá ubicada; di que se precisa unha superficie de 20x40

metros. Cre que se deben programar as obras cun ano de antelación para ir acadando os permisos.

O pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou:

1.-Solicitar a axuda ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2015, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que regula os criterios de repartición e establece as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016 para levar a cabo o proxecto cas diferentes actuacións:

- "Acondicionamento, peche perimetral e sinalización de zonas destinadas a depósito temporal controlado de residuos plásticos procedentes de actividades agrarias".
- Prolongación da rede de saneamento en Gándara, Chamoso.
- Mellora do alumeadado no campo de fútbol municipal."

2) Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na devandita orde.

3)Para o caso de que a subvención fora concedida, no seu día, o Pleno aprobará a correspondente modificación de créditos para financiar a parte non subvencionada.

6. Acordo de solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O alcalde dá conta do dictame da comisión permanente de Economía e Facenda celebrada o 25 de xaneiro de 2016, na que se acorda solicitar unha

subvención de ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 de Vicepresidencia e Consellería de Economía, Emprego e Industria, que establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

1. A solicitude de dunha axuda de 32.000 €, ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para levar a cabo a seguinte actuación:

- *Construcción de vial de acceso á zona R2 do parque empresarial do Corgo e mellora da sinalización.*

2. Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na devandita orde.

3.- Para o caso de que a subvención fora concedida, no seu día, o Pleno aprobará a correspondente modificación de créditos para financiar a parte non subvencionada

7. Acordo de solicitude de axudas e subvencións para obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O alcalde dá conta do dictame da comisión permanente de Economía e Facenda celebrada o 25 de xaneiro de 2016, na que se acorda solicitar unha subvención de ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 de Vicepresidencia e Consellería de Economía, Emprego e Industria, que establece as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e

formación da Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo como obras a rehabilitación das escolas de Vilachá, escola de nenas de Laxosa, Farnadeiros e Maceda, por esa orde de prelación.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

1. Solicitar conxuntamente unha subvención para un obradoiro de emprego, ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015, a realizar conxuntamente polos concellos de Guntín, O Páramo e O Corgo, delegando no Concello de Guntín a xestión do devandito obradoiro.
2. Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na devandita orde.
3. Para o caso de que a subvención fora concedida, no seu día, o Pleno aprobará a correspondente modificación de créditos para financiar a parte do proxecto non subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria

8. Acordo de solicitude de subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2016 ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O alcalde dá conta do dictame da comisión permanente de Economía e Facenda celebrada o 25 de xaneiro de 2016, na que se acorda solicitar unha subvención de ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria establece as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2016.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

- 1) Solicitar, en agrupación cos concellos de Láncara e Triacastela, unha subvención para a contratación dun técnico orientador laboral, ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2016.
- 2) Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na devandita orde.
- 3) Para o caso de que a subvención fora concedida e fose preciso facer algunha aportación municipal, no seu día, o Pleno aprobará a correspondente modificación de créditos para financiar a parte non subvencionada.

9. Proposta para a petición de subvencións á Deputación de Lugo e á Xunta para a construción dunha piscina na praia fluvial Río Chamoso.

O Alcalde dá conta da súa proposta, que literalmente di:

"PROPOSTA

No ano 1995, o concello que presido, comenzou a realizar xestións para crear un espazo recreativo no entorno do Río Chamoso ao seu paso por Abuín. Naquelas datas adquiríronse as primeiras parcelas que formarían parte do que hoxe é a Praia Fluvial do Río Chamoso, un espazo de lecer de 32.000 m² con numerosas instalacións.

Ao longo destes 20 anos foron numerosas as actuacións que se levaron a cabo nese entorno fluvial, aproveitando, na meirande parte dos casos, as axudas e subvencións de diversos organismos para financiar o seu custo, axudas que se non se tiveran solicitado irían a parar a outros concellos.

Entre as principais actuacións, destácanse:

- *Adquisición de terreos: nos anos 1995, 1999, 2002, 2006, 2009 e 2012 fóronse adquirindo os terreos que hoxe conforman a praia fluvial e que ascenden a 32.447 m².*

- *Acondicionamento da praia fluvial, realizado a través dun Plan Proder no ano 1999.*
- *Construcción de muros de pedra a través dun obradoiro de emprego.*
- *Construcción dun edificio que alberga vestiarios, enfermería e aseos na súa parte inferior e aula de interpretación do ecosistema con bar-restaurante na parte superior. Este edificio foise rematando ao longo dos anos contando coas axudas obtidas a través dun obradoiro de emprego e do fondo de compensación ambiental.*
- *Adecuación dun espazo adicado á infancia (parque infantil) no ano 2012, a través dunha subvención para infraestruturas da consellería de Presidencia.*
- *Construcción dunha soleira de formigón para actuacións varias.*
- *Saneamento en Abuín, que tamén dotou de saneamento á praia fluvial, realizado coa axuda do Fondo de Compensación Ambiental.*

Todo isto fai que a día de hoxe contemos cunha extensa zona recreativa con zona para baño, espazo con mesas para comidas, parque infantil, duchas e fontes exteriores, vestiarios e aseos masculinos e femininos e restaurante e cafetería. A zona conta con abastecemento de auga e conexión á rede de saneamento municipal.

Estas características, e a súa situación –preto da cidade de Lugo- fai que sexa unha zona moi visitada nos meses estivais, tanto por bañistas como por familias ou grupos de amigos que utilizan este lugar para as súas celebracións ou que buscan un lugar tranquilo para o seu lecer.

É tamén o lugar utilizado, por exemplo, para eventos tales como actividades de ocio para os rapaces nos meses de verán que organiza o concello, acampadas de fin de curso que leva a cabo a ANPA do CEIP do Corgo, a Romaría Folk anual, etc.

Unha vez conseguidas, con moito esforzo, unhas instalacións como as descritas, a mellor maneira de complementalas para facer do lugar unha zona recreativa de referencia, sería a construcción dunha piscina.

Os servizos dos que dispón a zona, tales como a existencia de vestiarios e aseos masculinos e femininos, duchas, enfermería, saneamento e abastecemento de auga, e a existencia de superficie libre e axeitada para esta instalación, fan deste o lugar idóneo para ubicar unha piscina pública.

O concello conta xa cun proxecto redactado e con tódalas autorizacións necesarias para a súa construción (Sanidade, Urbanismo, Confederación Hidrográfica e Fomento) polo que unicamente resta acadar financiación que axude a levar a cabo este proxecto.

En consecuencia, PROPOÑO ao Pleno.

- 1. Solicitar axudas á Excm. Deputación Provincial de Lugo e á Xunta de Galicia para financiar ao 100% a construción dunha piscina na praia fluvial do Río Chamoso, en Abuín, O Corgo.*

O Corgo, 25 de xaneiro de 2016

O ALCALDE,

Asdo. José Antonio Ferreiro González”

Javier Cerqueiro recorda que nun pleno anterior aprobouse por unanimidade e, polo tanto, tamén polos concelleiros do Partido Popular, unha proposta de emendas aos orzamentos da Xunta de Galicia para este ano. Entre elas ía unha proposta para consignar crédito nos devanditos presupostos para a construción dun complexo deportivo na parroquia de Gomeán. Di que o día da oposición é un só día, o da sesión do pleno, pero o goberno son 30 días. Por coherencia, eles van seguir na mesma liña, aínda que o grupo de goberno pode adoptar a postura que estime oportuna, a pesar de votar a emenda referida. Continúa explicando que o Partido Popular gobernou tres meses a Deputación Provincial, e que, durante ese tempo, concedeu as seguintes subvencións: A Taboada, 368.000 €; a Mondoñedo, 308.000 €; a Baralla, 403.000 €; a Begonte, 323.000 €; a Guntín, 264.000 €; a Vicedo, 274.000 €; Vilalba, 486.000 €; Xove, para mellora de camiños, 258.000 €; Palas, 52.000 €; Cervantes, 18.000 €; Castro de Rei, 142.000 €, para

acondicionamento de vías municipais; Bóveda, 185.000 €, para adecuación de camiños; Quiroga, 100.000 €, para centro de día; Sober, 80.000 €, para mellora de accesos; Antas, 154.000 €; Pantón obtivo 3 ou 4 convenios pequenos; Cervo, para pistas de padel, 92.000 €; Triacastela, 285.000 €, para camiños; Paradela, obtivo cartos para reforma e ampliación do tanatorio; e O Corgo só asinou un protocolo de intencións que non vale para nada. Este protocolo asinouse un día ou dous antes da moción de censura, é dicir, presentouse a solicitude a última hora, polo que faino responsable de perder 312.000 €. En consecuencia, cre que hai falla de xestión e di que se a él lle pasase iso, poñería a dimisión enriba da mesa.

O alcalde replícalle que todos os que obtiveron subvencións eran deputados, e do mesmo xeito que o alcalde de Becerreá, Sr. Martínez, está solicitando unha subvención de tres millóns de euros para construír unha residencia da terceira idade, cre que O Corgo tamén está a tempo e no dereito de pedir.

Javier Cerqueiro explica que non se opón a que se pida esta subvención, pero o seu grupo vaise abster na votación; e pensa que hai que buscar a oportunidade política.

Felipe Labrada aclara que tódolos concellos citados tamén solicitaron a última hora a subvención.

O alcalde indícalle a Cerqueiro que, como traballou como xefe de gabinete da Deputación, sabe como se fan as manobras alí, e di que non fai falla que o defenda como persoa, senón que defenda os intereses do Corgo, que é o que fai él; e que no sistema os deputados son o primeiro.

Mario Outeiro opina que hai gobernantes que teñen delirios de grandeza, e soen ser do Partido Popular. Manuel Fraga invertiu no Gaiás o que podía invertir noutras actividades culturais. Cre que a área da praia fluvial do Corgo é o Gaiás do Concello do Corgo. No ano 1995 podía estar ben facer pequenos arranxos ahí. O BNG foi moi crítico con estas inversións. Aínda que

se fixeran con axudas de diferentes consellerías, que segundo a moción irían a outros concellos de non pedirse, isto que é certo, tamén o é que se poderían facer pequenos investimentos noutras zonas do concello, e non meter todos os cartos no complexo da praia. Son moi críticos coa localización. O concello ten lugares fermosísimos; recorda que a praia fluvial está embaixo dunha autovía. Ao Partido Popular está traéndolle moitos problemas sacar rendemento ao Gaiás, e elevados custos de mantemento. Comenta que na moción dice que hai un centro de interpretación, e o certo é que só hai o local. Fálase do restaurante, e foi outro fracaso. Non sabe se a piscina será outro fracaso. El quere que se fagan as cousas para os habitantes do Corgo. Queren obras pequenas para que as desfruten os seus veciños. Opina que o PP do Corgo non ten peso político na provincia nin en Galicia.

Javier Vila di que sen ter en conta a ubicación e o modelo de piscina, estase a pedir unha subvención ao 100 %, e todo o que é pedir e investir no concello é bo, independentemente do destino da inversión. Comenta que coñece xente que quere que a piscina sexa para todo o ano, e son partidarios de que se faga climatizada, para un uso permanente onde se fagan cursos de natación e actividade física. Di que para o mantemento, hai concellos que teñen carnets de 5 ou 6 € e isto chegaría para ter socorristas, cursos para maiores, etc.

Marcos Trashorras opina que para montar unhas instalacións dese tipo hai que ter máis de 2000 usuarios. É o caso de Monforte, que cando privatizaron as piscinas, non atoparon quen llas xestionase. Pero non todo hai que velo desde o punto de vista económico, senón do servizo que se presta.

O alcalde explica que formula esta proposta porque é unha demanda da xuventude, xa que agora van a Castroverde e Lugo e cre que a ubicación da praia do Corgo é bastante céntrica. Engade que non está en contra de que haxa unha en Gomeán, que xa se solicitou hai 40 anos nunha sesión

plenaria, pero na praia fluvial está todo feito, e O Corgo non pode ter varias piscinas. Pon, como exemplo, que coñece xente que a quere na parroquia de Laxosa.

Javier Cerqueiro explica que a súa opción é a de ter todo o complexo deportivo en Gomeán, ao igual que vai facer Baralla coa subvención que obtivo da Deputación.

O alcalde coméntalle que a praia fluvial está moito máis centrada e que ten moitas instalacións feitas.

Javier Vila coincide coa idea de Mario Outeiro que debe insonorizarse a praia fluvial da autovía.

Mario Outeiro opina que O Corgo non pode manter unha piscina climatizada, ademáis de que os veciños do Corgo téñena a 5 minutos, e non se pode caer en localismos de que cada concello teña unha piscina.

O alcalde dille que o seu grupo apoiou varias piscinas cando estaban na Deputación, ao que Mario Outeiro lle responde que lle parece ben que se fagan pequenas inversións para amañar lugares de lecer, non en meter un millón de euros nunha piscina para desfrutala un mes ao ano. Recorda que dos catro anos que estivo na Deputación nunca se recibiu unha solicitude do concello deste tipo.

Marcos Trashorras di que solicitan para O Corgo o que teñen outros concellos como Becerreá ou Pedrafita.

O Pleno, en votación ordinaria e por 6 votos a favor (5 dos concelleiros do PP e un do concelleiro de DIC), e 5 abstencións (3 dos concelleiros do PSOE e 2 dos concelleiros do BNG), acorda aprobar a proposta anterior.

Javier Vila aclara que vota a favor, pero matizando que deben pedirse máis cousas, que non quede só nunha piscina.

10. Desafectación dun camiño en Golás (Santalla do Alto).

Dáse conta da moción que literalmente di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Varios veciños da parroquia de Golás pretenden a regularización dun tramo de camiño (camiño 9002 do polígono 165), concretamente na esquina da carretera que desde Santalla conduce a Bande e na que desde esta pista conduce a Golás. Nesta estrada, na súa marxe esquerda deriva un camiño pavimentado para a comunicación rodada do asentamento de poboación, sito ao noroeste do devandito cruce e unha intersección en forma de "T".

O acceso, no seu comenzo, pola súa forma, dificulta as manobras de acceso ao mesmo, sobretudo de tratores e camións.

Os veciños pretenden que o concello adquira o terreo suficiente para que o acceso mellore, co fin de que a circulación de vehículos sexa máis doada e proponen permutar o terreo que é necesario adquirir por un tramo do antigo camiño que desde a marxe esquerda da estrada de Vilar a Bande conduce ó camiño que desde esa estrada leva a Golás.

Trataríase, en consecuencia, de que a propietaria da parcela nº 44 do polígono 165 cedera unha superficie aproximada de 6 m² desta parcela, na zona da esquina da estrada de Santalla a Bande e na que desde esta pista conduce a Golás.

O concello permutará o tramo do antigo camiño, hoxe en desuso, que discorre pola parte norte da súa propiedade, e que enlazaa a pista que conduce a Golás, desde a carretera de Santalla a Bande con esta mesma pista.

O trozo de terreo que se cede está a máis desnivel que a estrada e sópórtase cun muro de lousa de pizarra ao seu redor, que lle serve como

muro de contención. Este muro valorarase aos efectos de realizar a permuta.

Procede desafectar superficie de camiño necesaria e posteriormente permutala pola mesma superficie de terreo da parcela nº 44 do polígono 165.

O procedemento de desafectación non prexudica o interese público, quedando garantido o tránsito e acceso, mellorando a circulación con ovo trazado.

Considérase, en consecuencia, que se debe alterar a cualificación xurídica deste camiño para pasalo de ben de dominio público a ben patrimonial, co fin de que, unha vez desafectado, se poida proceder á súa enaxenación mediante permuta.

Por todo o anteriormente exposto, proponho ao Pleno:

- 1. Que adopte o acordo de iniciar expediente para a alteración da cualificación xurídica do camiño para convertelo en ben patrimonial.*

O Corgo, 25 de xaneiro de 2016

O ALCALDE,"

O Pleno, en votación ordinaria, e por 9 votos a favor (5 dos concelleiros do PP, 3 dos do PSOE e 1 do DIC) e 2 abstencións dos concellos do grupo político municipal do BNG, acorda aprobar a referida moción.

11. Asuntos de urxencia.

Non houbo.

B) CONTROL POLÍTICO DO GOBERNO MUNICIPAL

12. Tratamento de mocións.

Seguidamente o pleno trata a moción co número de rexistro de entrada 91, do 26 de xaneiro, presentada por Javier Vila Núñez, do grupo mixto-DIC, que literalmente di:

"MOCIÓN REFERENTE Á PAVIMENTACIÓN DA ESTRADA QUE VAI DENDE O CENTRO MÉDICO ATA O MERCA MÁS.

Francisco Javier Vila Núñez, concelleiro do grupo municipal Demócratas Independientes do Corgo (DIC) ven formular para a súa aprobación a seguinte moción en base a:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente estivo a ser amañada a pista do Cambeiro, que pasa por diante do PAC, semella necesario neste senso, continuar dita obra e pavimentar o vial que vai dende o centro médico ata a N VI (enfrente do Merca Más).

É unha estrada con forte tránsito, de acceso ao centro de saúde e que, pola súa localización, no futuro, será unha rúa que forme parte do núcleo corgués.

Sométese á consideración do pleno municipal a aprobación dos seguintes acordos:

- 1. Que se proceda á pavimentación (aglomerado, dobre carril e pintado) da citada vía con cargo ós próximos plans de obras.*
- 2. Que se estude a posibilidade de facer beirarrúas.*
- 3. De atopar algún tramo sen canalización ou subministro de auga, sexa xa incluído no proxecto de dita obra.*

En O Corgo, a día 28 de Xaneiro de 2016.

Fdo. F. Javier Vila Núñez

Voceiro do Grupo Municipal DIC"

O alcalde está de acordo con que se faga esa vía con aglomerado, cando se necesite.

Javier Vila comenta que o vial ten sobrantes que non se aproveitan.

O alcalde explica que é unha vía moi estreita e que hai que alargala, pero esta obra é unha inversión e hai que agardar, xa que os orzamentos están como están.

Felipe Labrada opina que se hai que expropiar débese empezar a traballar para conseguir os terreos, e o que se pode facer é ir asentando o terreo para cando se pavimente.

Marco Trashorras di que hai que redactar un proxecto técnico.

Javier Vila comenta que se pode facer o estudio técnico e logo redactar un proxecto, para cando se liquiden os orzamentos retomar a inversión. Débese ter en conta o uso que se fai desa vía a formigoneira que está emprazada na zona.

O alcalde explica que está previsto abrila por Abuín para que a formigoneira se sirva por alí.

Fálase de facer un estudio do ensanche para retomar no seu momento o investimento.

O alcalde recorda que no PXOM prevíase un ensanche de 16 metros, pero os veciños opuñéranse, ao que Javier Vila responde que o que hai que facer é buscar o interese xeral.

Jesús Seijas di que convén estudar por onde vai a ir a rede de sumidoiros.

Rematado o debate, o pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, aproba a moción que antecede e se faga un estudio técnico para ensanchar e afirmar.

A continuación o pleno trata a moción con número de entrada 92, do 26 de xaneiro, presentada polo grupo mixto-DIC, que defende Javier Vila Núñez e que literalmente di:

"MOCIÓN RELATIVA Á REPARACIÓN DE VIAIS PÚBLICOS

Francisco Javier Vila Núñez, concelleiro do grupo municipal Demócratas Independientes do Corgo (DIC) ven formular para a súa aprobación a seguinte moción en base a:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente moción ten como finalidade a adecuación para o seu tránsito dos seguintes camiños públicos:

Paradela. O camiño que vai dende o lavadoiro de Paradela ata a Igrexa de San Fiz de Paradela presenta tramos en condicións intransitables. Esta vía é bastante transitada polos veciños para asistir á misa, etc

Farnadeiros. O mesmo sucede coa pista que une Vilar co Pacio e Sabarey na parroquia de Vilar, que é vía de comunicación entre estes barrios e de uso habitual. A maiores, esta pista, tamén precisa dun desbroce, xa que non se levou a cabo nesta campaña.

Sométese á consideración do pleno municipal a aprobación dos seguintes acordos:

- 1. Que se proceda á reparación de ditos viais con material de recheo e zavorra .*

En O Corgo, a día 28 de Xaneiro de 2016.

Fdo. F. Javier Vila Núñez

Voceiro do Grupo Municipal DIC"

O pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a referida moción.

Felipe Labrada lembra que a presidenta da asociación de Paradela solicitou un foco para alumear o camiño por onde vai a buscar auga.

Rematado o debate e votación da moción anterior, o pleno trata a que ten número de entrada 96, do 26 de xaneiro, presentada polo PSdeG-PSOE, que literalmente di:

"O concelleiro Javier Cerqueiro González, na súa condición de voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de O Corgo comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

Exposición de motivos:

O Concello do Corgo procedeu, xa fai uns anos, á execución do saneamento da parroquia de Gomean.

Os criterios que se utilizaron para a planificación non foron obxetivos, nin legais, nin os criterios técnicos tiveron lóxica á hora da súa execución.

Reiteradamente a xurisprudencia tense manifestado no senso de que deixar a un veciño, dun mesmo pobo, sen un servizo do que se dota ó resto dos veciños, e contrario a dereito.

En Gomean a única casa que quedou sen saneamento, foi a de Vicente. Non se pode pedir a un veciño o enganche do saneamento a calquera prezo, nin a calquera condición, e, por suposto, sen garantir que a solución que propoñía o Concello era a correcta nin a lóxica. Todos sabemos que cando non se queren facer as cousas se poden poñer condicións inasumibles polos usuarios.

Non é de recibo que para esta discriminación se pretenda alegar motivos técnicos. Salta a simple vista que o xeito máis vertebrador da zoa urbanizable, e máis, a propia morfoloxía do terreo, recomendan a execución

da obra de saneamento por terreo público, e obviamente con caída cara a depuradora, e non ao contrario.

-Por todo o anterior, propoño á consideración do Pleno desta Corporación a Adopción do seguinte acordo:

-Que o Concello do Corgo, proceda con urxencia, á inmediata subsanación desta discriminación, executando o saneamento, dende a casa de Vicente ata o punto de entronque máis lóxico.(confluencia da estrada de circunvalación co camiño que baixa da casa de Fenosa).

En o Corgo a 22 de Xaneiro de 2015

Asdo. Javier Cerqueiro González

Voceiro do PS de G PSOE no Corgo.”

O alcalde comenta que levou o técnico para estudar de meter esta obra nas peticións das subvencións que sairon, pero o veciño afectado comentou que non a quería pola zona que tiñan pensado.

Felipe Labrada di que se lle ofreceu no seu momento, pero o interesado preferiu que se lle instalase un foco de luz, xa que por onde se conectaba a rede de sumidoiros tiña que bombear. Di que se debe encargarse o estudio técnico para dar a solución.

Jesús Seijas di que ten que ter unha solución técnica.

Tralo debate, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a moción, e quédase en solicitar permiso á Deputación Provincial de Lugo para levar a tubería ao longo da estrada de circunvalación que comunica Gomeán co enlace da autovía A-6.

De seguido trátase a moción presentada polo grupo do PSdG-PSOE o día 26 de xaneiro, con número de entrada 97, que literalmente di:

"O Concelleiro Javier Cerqueiro González, na súa condición de voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de O Corgo, comparece, e como mellor en dereito proceda DI:

Que, ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da lei Reguladora das Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Da xestión diaria do Centro de Día cabe sacar a conclusión, logo de ter escoitado ás partes implicadas, usuarios/as, familiares e traballadores/as, que a carencia de xestión é evidente. As protestas son múltiples, notorias e públicas.

A altura do mes de xuño-xullo do pasado ano 2015 a situación do centro de día de O Corgo empezouse a deteriorar rebaixando considerablemente as súas expectativas, mingando substancialmente a atención que se viña prestando.

Así, os talleres e actividades que se realizaban ata este momento, deixaron de realizarse, carecendo de calquera tipo de animación socio-cultural. O coidado de atención personalizada baixou moito a calidade, e recentemente, por dúas veces, suspendeuse a prestación do servizo adiantando a saída do Centro dos usuarios, repercutindo todo isto no benestar dos maiores e na conciliación laboral das súas familias.

Ditas queixas céntranse, entón, na falla de material, persoal e servizos a prestar; é lóxico que todas estas carencias van enlazadas entre si, e que dita situación se agrava dende o momento en que a praza da dirección do centro se atopa en situación valeira por IT.

As escusas, non satisfactorias, por parte da Administración, aparecían en prensa, non fan senón que enturbar unha situación que se atopa enquistada, por mor da inoperancia e ineficacia dos poderes públicos competentes para a súa resolución.

Non se pode esconder a Administración na causalidade, baseándose nas baixas laborais de 8 traballadores, dun total de 10, algunha responsabilidade debe ter por non buscar solución a dito problema. É de recordar que o Consorcio conta cunha lista de agarda para incidencias das posibles situación que se podan dar no seu persoal.

Tampouco semella o máis lóxico proceder á cobertura da baixa da dirección, suplíndoa coa atención telefónica dun técnico dende os Servizos Centrais do Consorcio. Esta situación non favorece a fluidez das relacións precisas para o bo funcionamento do Centro. Consideramos de todo punto imprescindible a cobertura inmediata da praza da dirección como primeira medida que aporte proximidade do servizo a usuarios, familiares e traballadores/as.

A situación xerada, por mor da non aceptación das carteleiras de traballo do Centro de Día, nun proceso inexistente de diálogo, e que vulnera os contidos legais de negociación, leva a unha máis que nefasta distribución de efectivos nas quendas de traballo, situación que incide moi negativamente na operatividade, eficacia e eficiencia na distribución do traballo.

O Concello ten que exixir a prestación de servizos de calidade, con niveis suficientes de cobertura, do seu centro de día, e non se pode inhibir da resolución do conflito.

Por todo o anterior, propoño á consideración do Pleno desta Corporación a adopción do seguinte acordo:

- Que o goberno do Concello do Corgo, e no seu nome o Alcalde da Corporación, envíe un escrito de queixa ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, responsabilizando do mal funcionamento do servizo, e urxindo o restablecemento inmediato dun servizo de calidade no Centro de Día de O Corgo.*
- Do mesmo xeito, dito escrito farase extensivo aos órganos competentes en materia de persoal da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social.*

En O Corgo, a 26 de xaneiro de 2016

Asdo. Javier Cerequeiro González

Voceiro do PSdeG-PSOE no Concello do Corgo.”

Marcos Trashorras está de acordo ao cen por cen coa moción. Considera prioritario o servizo, xa que foron eles quen puxeron en marcha o centro de día do Corgo, no que se atende a persoas doutros concellos, incluso non colindantes. Opina que houbo unha mala xestión das baixas e vacacións do persoal, e para solucionalo hai que ter unha lista para suplilo. Tamén cre que a falta de dirección pode que leve á actual situación. Engade que non hai deixadez por parte do goberno municipal, xa que se falou en varias ocasións deste problema co Consorcio, co fin de que se solucionase e para que se cubrise o posto da directora. No mes de decembro falouse co xerente do Consorcio par que cubrisen a praza da directora e se organizasen as quendas de traballo. Para arranxar o problema deberíase volver á situación de antes.

Marta López Abeledo solicita que se sigan a facer xestións.

Marcos Trashorras explica que se volcan co centro de día xa que teñen moito interese nese servizo.

A Mario Outeiro parécelle oportuna a moción, e cre que é bo que o pleno manifeste unánimemente asúa opinión, para facer presión fronte á Xunta. A deficiencia dun director e a falta de persoal no centro de día é o resultado dunha mala xestión do Partido Popular na Xunta de Galicia. Parece que se quere xestionar mal para privatizar os servizos públicos. Di que o seu grupo cre nos servizos sociais, e recorda que o centro de día se construiu gobernando o BNG a Xunta de Galicia, en concreto, na área de servizos sociais.

Remata dicindo que o seu grupo quere uns servizos públicos de calidade.

Javier Vila Núñez apoia a iniciativa.

Javier Cerqueiro di que o problema é a Xunta que non funciona, e Jesús Seijas pide que haxa unha manifestación da vontade do pleno do concello por unanimidade.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a moción que antecede.

A continuación o pleno trata a moción con número de entrada 102, do 26 de xaneiro, presentada polo BNG, que literalmente di:

"MOCIÓN PARA A REALIZACIÓN DUN REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO E QUE FOMENTE A PARTICIPACIÓN CIDADÁ

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A complexidade administrativa e política actual dos concellos precisa dunhas normas concretas que regulen o funcionamento orgánico destas administracións locais. A comisión de goberno, as xuntas de portavoces, o pleno, a participación cidadá..., son aspectos importantes dentro do funcionamento do concello que deben de regularse dun xeito sinxelo pero claro.

Dentro de ese esquema, o órgano máis representativo é o pleno, que se define precisamente como o órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal. Debido á existencia na actualidade de catro grupos políticos e a tendencia política actual á atomización é importante clarificar o funcionamento deste de cara a dar unha boa imaxe a unha cidadanía que cada vez está máis interesada nos mesmos (e á posibilidade actual de visionar os plenos a través da internet).

Por outra banda o dereito da persoa a intervir no proceso de toma de decisións no ámbito local, o acceso á información e a participación cidadá, constitúen parte inseparable da sociedade democrática. A participación

veciñal e, en xeral, de toda a base da sociedade, é necesaria para o funcionamento democrático desta, sendo tamén a clave para a resolución correcta de múltiples problemas municipais e, asemade, favorece a participación activa de todas as persoas na vida do seu barrio, parroquia, lugar de traballo, etc.

Para que este mecanismo funcione, é preciso que a instancia política fomente a participación, xunto coa eficacia, a información e a transparencia na xestión, facendo así do Concello un ente aberto e democrático no que a cidadanía sinta o deber cívico de cooperar coa institución municipal na mellora das súas condicións de vida e no progreso socioeconómico do seu territorio, e todos estes aspectos tamén teñen que estar regulamentados.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Elaborar, no seo da xunta de portavoces ou nunha comisión creada ao respecto, un Regulamento Orgánico para o Concello co fin de clarificar o funcionamento dos distintos órganos de goberno do mesmo.*
- 2. Introducir no regulamento fórmulas de participación cidadá (participación nos plenos, o dereito a información, as iniciativas populares e veciñais...) para profundar na democratización do ente local.*

O Corgo, 25 de xaneiro de 2016

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG"

Marcos Trashorras opina que a regulación está referenciada na Lei de bases de réxime local e no regulamento orgánico e funcionamento das entidades locais. Explica que neste concello se deixa falar aos veciños no pleno e cre que non é necesario.

Mario Outeiro recoñece que se deixou que os veciños falaran no pleno e que non dixo que o concello non fose transparente, senón que se trata de facilitar a participación dos veciños.

O alcalde opina que non é necesario, poñendo de exemplo que na moción anterior interviron os tres concelleiros do PSOE.

Mario Outeiro di que se trata de organizar e ó mellor non facía falla que falaran tres concelleiros do mesmo grupo.

Javier Cerqueiro opina que o goberno debe ter un regulamento de participación cidadá e hai que abrirse á cidadanía.

Rematado o debate, o pleno, en votación ordinaria e por 5 votos en contra dos concelleiros do PP e 6 a favor (3 dos concelleiros do PSOE, 2 dos do BNG e 1 do DIC), aproba a referida moción.

O alcalde cre que é unha forma de maniatar e di que a él lle gusta falar coa xente.

Mario Outeiro opina que na regulación se pode establecer que para presentar no concello propostas dos cidadáns se esixa unha determinada porcentaxe.

De seguido trátase a moción presentada polo BNG, con número de rexistro de entrada 103 do 26 de xaneiro, que literalmente di:

"MOCIÓN PARA A POSTA EN VALOR DOS SARTEGOS DO CORGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Manuel G. Teijeiro, que fai un estudo dos sartegos do concello de Castroverde (semellantes aos do Corgo), descríbeos como "un burato ben perfilado na pena no cal se adapta un corpo humano en decúbito supino, describindo fielmente a súa silueta o vano, con oco para a cabeza, e estreitándose dende os ombros aos pés proporcionalmente para mellor encaixe do tórax".

No verán do ano 2007 un grupo de socios da Asociación Cultural Arumes do Corgo realizaron unha campaña co fin de inventariar as sepulturas antropoides do concello do Corgo. Foi un traballo que durante varios días deu á luz a existencia de 9 xacementos, máis dos coñecidos e inventariados anteriormente tanto polo concello como polo resto de entidades públicas competentes no tema. O traballo de catalogación e estudo proseguiu durante anos co fin de obter datos que explicaran a alta densidade deste tipo de xacementos no Corgo, atopándose outros dous enclaves máis e publicándose un traballo na revista Corga do Centro de Estudos do Corgo.

Deste xeito posuímos sartegos nas parroquias do Corgo (igrexas parroquial), S. Cristovo de Chamoso (casa rectoral), Cabreiros e Laxosa (ámbalas dúas nas igrexas parroquiais), Arxemil (S. Martiño de Perliños), Pedrafita (monte da Groba), Queizán (no monte de Piqueiras, en Queizán de abaixo e na igrexa parroquial), Piñeiro e Segovia (ámbalas dúas nas igrexas parroquiais).

As tumbas altomedievais que aparecen nos 11 xacementos do concello poden clasificarse como: tumbas antropomorfas directamente escavadas na rocha (fixos ou abertos na pena viva), tumbas antropomorfas escavadas en bloques graníticos (libres ou labrados en bloques illados) e dun xeito puntual, tumbas de laxes antropomorfas (sendo estas as máis vulnerábeis á acción destrutora do home).

Parte dos sartegos inscritos directamente na rocha aparecen orlados, é dicir, cun suco perimetral, ben sexa para delimitar a zona correspondente ao sartego, ben para evitar a entrada de auga á sepultura, e aínda que todos os sartegos deberon estar tapados por laxes de lousa ou granito, só se conserva unha no de Segovia (sen inscrición).

Os numerosos xacementos do concello do Corgo unidos aos de Castroverde e Lugo fan desta área xeográfica unha espectacular fonte de necrópoles medievais de semellantes características. Un gran número de sepulturas antropomorfas escavadas directamente na pedra ou en bloques graníticos que atopa resposta non só no solo da zona (granitos tardíos) senón na antigüidade dos asentamentos poboacionais (lembrar a existencia da vía romana XIX do Itinerario de Antonino e dos sucesivos camiños medievais de comunicación coa Meseta).

A meirande parte dos mesmos atópanse ligados a igrexas desaparecidas (3) ou transformadas en séculos posteriores (7), aínda que tamén se poden atopar preto de fontes e regatos (1). Coas tampas xa extraviadas (salvo a excepción do sartego de Segovia), os sartegos aparecen moi erosionados por factores humanos, atmosféricos e da vexetación, especialmente o situado en Piñeiro (do cal se ten feito eco asociacións como Amigos do Patrimonio de Castroverde).

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Que o concello do Corgo proceda a trasladar o sartego de Piñeiro a un lugar máis seguro (por exemplo, o adro da igrexa) realizando as labores correspondentes de conservación e executando todo baixo a supervisión técnica dun especialista na materia (arqueólogo/a, restaurador/a...), para o cal pode pedir asesoramento e colaboración á Área de Cultura da Deputación de Lugo.*
- 2. Que se poña en valor o patrimonio mencionado, no que o noso concello é referencia a nivel galego, en colaboración coa A.C. Arumes do Corgo e o Centro de Estudos do Corgo, das seguintes maneiras:*
 - a) Colocación de paneis informativos nos xacementos máis salientábeis.*
 - b) Deseño dunha ruta dos sartegos do Corgo e divulgación da mesma a través de folletos informativos.*

O Corgo, 25 de xaneiro de 2016

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG"

Felipe pregunta onde se propón poñer o sartego referido.

Mario Outeiro pensa que na zona.

Javier Vila está de acordo con poñer en valor as cousas do concello.

O pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a moción.

13. Rogos e preguntas.

Trátase o rogo rexistrado co número 93, do 26 de xaneiro, presentado por DIC, que literalmente di:

"ROGO REFERENTE Á ILUMINACIÓN EN FONTEITA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O alumado público serve para facilitar a vida cotiá dos veciños deste concello. Maiormente nas zonas onde hai vivendas, sempre hai un punto de luz instalado.

Por isto, o grupo municipal DIC presenta o seguinte

ROGO

- 1. Que se poña un punto de luz na zona da casa do Noviño de Fonteita.*

En O Corgo, a día 28 de Xaneiro de 2016.

Fdo. F. Javier Vila Núñez

Voceiro do Grupo Municipal DIC"

O alcalde di que o quere para entrar na palleira pola parte de atrás.

De seguido trátase o rogo presentado o 26 de xaneiro por DIC, con nº de entrada 94, que literalmente di:

"ROGO REFERENTE Á ADECUACIÓN DUNHA PISTA EN FARNADEIROS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os viais públicos e de uso habitual deben estar nas condicións axeitadas para que os veciños poidan realizar as súas tarefas cotiás sen interferencias.

Por isto, o grupo municipal DIC presenta o seguinte

ROGO

- 1. Que sexa tapado un bache que se atopa en Farnadeiros, na Bacariza, á altura da casa de Xelos.*

En O Corgo, a día 28 de Xaneiro de 2016.

Fdo. F. Javier Vila Núñez

Voceiro do Grupo Municipal DIC"

A continuación trátase o rogo presentado polo BNG, que literalmente di:

"ROGO SOBRE O CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DA TRAÍDA MUNICIPAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O deterioro da calidade das augas provenientes dos pozos particulares por diversas vías de contaminación xunto con períodos de seca cada vez maiores como o deste verán fan das traídas de auga municipais un dos servizos máis importantes e demandados que poden ofrecer as entidades locais.

A zona do concello do Corgo que se distribúe a carón da estrada Nacional VI conta dende hai anos con este demandado servizo. Porén, o BNG do Corgo levou aos plenos do 1 de agosto de 2014 e do 30 de xullo de 2015 un rogo e unha pregunta no que se advertía do escaso control da calidade da auga subministrada que fai que varios establecementos hostaleiros que empregan a auga da traída non superasen os pertinentes análises de salubridade. Este grave aspecto, que pode incidir na saúde pública dos cidadáns do concello, tampouco se corresponde coas cada vez máis grandes taxas por consumo.

No pleno do 30 de xullo o alcalde respondía que se facía unha analítica ao trimestre a maiores dos controis que realizaba Sanidade. Tamén advertía dun problema de cloración que facía que as concentracións deste elemento fosen irregulares en toda a rede.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo presenta o seguinte

ROGO

- 1. Que se fagan analíticas con maior regularidade (quincenal ou mensual) co fin de detectar posíbeis erros de funcionamento sen que teñan consecuencias negativas para a saúde da veciñanza.*
- 2. Que se faga un estudo co fin de eliminar as deficiencias na cloración da auga da traída.*

O Alcalde explica que hai un contrato cunha empresa que fai as análises cada mes, concretamente desde setembro de 2015.

Pásase, de seguido a tratar as preguntas presentadas polo grupo DIC, que son as seguintes:

"PREGUNTAS

- 1. Referente ás mocións e rogos dos plenos anteriores presentadas por este grupo:*

- a. Este domingo aínda estaba pendente a retirada do foco da fachada da casa do Cesteiro de Laxes, cales son os motivos para que despois de 5 meses non fose retirado? (Pleno do 24 de Setembro do 2015)*

Javier Vila di que xa sabe que está feito a día de hoxe.

- b. Foi requerida a persoa que di ter dereitos de propiedade sobre o campo da feira de Gomeán? (Pleno do 30 de Xullo do 2015)*

Javier Vila comenta que xa se lle explicou de palabra que os veciños aportaron algún título de propiedade as persoas ás que se lles deu trámite de audiencia. Pide que se lle dean as escrituras.

- c. Foi levada a cabo algunha acción de cara ao inicio do estudio para reducir a velocidade na N VI ao seu paso polo Corgo? (Pleno 26 de Novembro do 2015)*

Esta pregunta aínda que foi presentada, non foi formulada oralmente no pleno polo concelleiro de DIC.

- d. En que trámite, se é que foi iniciado, se atopa o acondicionamento e reparación das rotondas de acceso ao polígono e da pista que vai cara Castroverde? (Pleno 28 de Novembro do 2015)*

O alcalde contesta que averiguarase de quen é a propiedade e requirirase para que as arranxen; aínda que el cre que son do Ministerio de Fomento.

Felipe di que a ten que arranxar Fomento.

- e. Foron iniciadas as accións pertinentes de cara a averiguar en que situación se atopa e tratar de buscarlle unha saída viable á Urbanización Neira-Seara. (Pleno 26 de Novembro do 2015)*

Esta pregunta aínda que foi presentada, non foi formulada oralmente no pleno polo concelleiro de DIC.

f. Segue intransitable o camiño público que vai dende a casa da Xesta (Veiga de Anzuelos) ata a Casa da Portuguesa (Monte de Silva)? (Moción do 26 de Novembro do 2015 de apoio ao escrito presentado por D. Jesús Ferreiro Pérez de Franqueán o 14 de Novembro do 214)

Solicita que se faga con zahorra e pisón. O alalde di que se fará cando mellore o tempo.

g. Porque non se atopa o PXOM publicado)? Cal é o xeito de facer unha petición formal para poder ter unha copia do citado plan?

A petición do alcalde, o secretario do concello explica que por mor das ordes de aprobación do PXOM, houbo que mandar á Xunta de Galicia un texto refundido do PXOM, que contén os documentos aprobados por ámbalas dúas ordes da Consellería, eliminando aqueles que non foron aprobados. A funcionaria da Consellería que informou o PXOM do Corgo xa non presta servizos nela, o que ocasionou que outros funcionarios teñan que comprobar a documentación remitida no texto refundido. Mañá irá a Santiago para aclarar algunha dúbida que teñen os funcionarios da Xunta, co fin de que remitan o documento de PXOM coa dilixencia de aprobación definitiva.

A continuación trátase a pregunta presentada polo PSOE, con nº 98 o 26 de xaneiro, que literalmente di:

"Ó PLENO DO CONCELLO DE O CORGO

Don/a. JAVIER CERQUEIRO GONZALEZ, na súa condición de Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de O Corgo comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización,

Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar os órganos de goberno as seguintes :

PREGUNTAS

-Xá fai un tempo aprobouse por parte desta corporación, que o Concello tomara medidas para subsanar o problema de acceso dos veciños na entrada da ponte de Vilanova, o certo é que neste intre o problema está sen resolver, e co inverno agrávase o estado do camiño, facendo máis perigoso, se cabe, o tránsito polo mesmo, ¿que medidas se tomaron por parte do Alcalde cara a arranxar este problema?

En O Corgo a 26 de xaneiro de 2016

Asdo.: JAVIER CERQUEIRO GONZÁLEZ

Voceiro/a do PSdeG-PSOE"

O alcalde di que a obra foi executada polo SPI e que é un problema de dirección dos que executaron a obra e terán que solucionar o. O concello foi colaborador, haberá que ir á Xunta para arranxar o problema. Comenta que non executaron a obra conforme ao proxecto. Explica que a Confederación non autoriza facer unha escollera, que si se fai suavizaría a pendente. Di que tampouco está clara a propiedade municipal.

Javier Cerqueiro opina que pode actuar o concello.

O alcalde explica que xa se lle mandou á Xunta escritos sobre o asunto, e non recibiu a obra.

De seguido trátase a pregunta rexistrada co nº 100, o 26 de xaneiro, presentada polo BNG, que literalmente di:

"PREGUNTA SOBRE O PLAN MUNICIPAL DE COEDUCACIÓN PARA PREVIR A VIOLENCIA DE XÉNERO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal do Partido Popular levaba ao pleno do día 3 de decembro de 2015 unha moción con motivo do día internacional para a eliminación da violencia de xénero que foi aprobada por unanimidade dos grupos con representación no concello. Na devandita moción salientábase a importancia do ensino obrigatorio como ferramenta esencial para loitar contra a desigualdade entre homes e mulleres, semente da violencia machista que asasina cada ano a moitas mulleres na nosa nación.

No punto un dos acordos o concello do Corgo comprometéase a levar a cabo actuacións de coeducación en colaboración cos centros educativos do concello (enténdese incluído o CPI Ramón Piñeiro que aínda estando situado no concello de Láncara atende aos nenos da zona sur do concello) enfocadas á prevención e sensibilización contra a violencia de xénero entre o alumnado.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo presenta a seguinte

PREGUNTA

- 1. Foron levadas a cabo as devanditas actividades de coeducación? Cales foron os niveis educativos dos alumnos, número de horas, programa e centros de ensino obxecto?*
- 2. Se non foron executadas, cal é a temporalización prevista?*

O Corgo, 25 de xaneiro de 2016

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG"

O alcalde contesta a esta pregunta dicindo que aínda non se fixo nada pero que se vai poñer en marcha.

Javier Cerqueiro pensa que o alcalde non pode con todo, e hai que delegar, xa que é un concello que precisa certa especialización.

Trátase a pregunta presentada polo BNG, rexistrada co número 101 o 26 de xaneiro, que literalmente di:

"PREGUNTA SOBRE O PLAN MUNICIPAL DE ACOLLIDA A PERSOAS REFUXIADAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal do Partido Popular levaba ao pleno do día 24 de setembro de 2015 unha moción para asumir a atención aos refuxiados como unha cuestión de estado que foi aprobada por unanimidade dos grupos con representación no concello. Na devandita moción salientábase a importancia dunha coordinación interadministrativa (Estado-Xunta-Concellos) para loitar contra un dos maiores efectos das guerras como é o desprazamento de miles de persoas refuxiadas dos seus lugares de orixe, na maior parte dos casos debido a inxerencias colonialistas dos países de occidente, e coa colaboración con ONGs con experiencia na materia.

No punto un dos acordos o concello do Corgo comprometéase a elaborar e executar, en colaboración coa Xunta de Galiza, FEGAMP e ONGs con experiencia na materia e presenza na Galiza, un plan de acollida para as persoas refuxiadas poñendo á súa disposición os recursos asistenciais dispoñíbeis para facer posíbel a súa acollida e integración.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo presenta a seguinte

PREGUNTA

- 1. Despois de catro meses da aprobación, por unanimidade, da moción anterior, pode explicar o alcalde o contido do plan e as súas concrecións para o concello do Corgo como: orzamento, recursos humanos dispoñíbeis, persoa coordinadora, infraestrutura precisa, puntos de acollida, previsión de refuxiados a acoller no noso concello...?*
- 2. Se non foi elaborado aínda, cando ten previsto facelo?*

O Corgo, 25 de xaneiro de 2016

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG"

O alcalde di que se puxeron en contacto coa FEGAMP, pero piden que se concrete o que se aporta. Hai que valorar os medios que se dan, por exemplo, as escolas que se poden ofrecer. O ideal sería que viñese xente con traballo, non traer xente por traer. Pensa que a de Fonteita sería boa idea. Intentarase ofrecer algo.

A continuación Javier Vila di que na finca de Fidel Fonteboa, no novo campo de fútbol, había arredor dunhas 30 estacas. Pide que se lle repoñan.

O alcalde di que non hai problema por indemnizar estas estacas, ben con cartos ou ben con outras novas.

Jesús Seijas pregunta se hai posibilidade de levar a leña dunha árbore que caeu no campo da feira de Adai; e se hai posibilidade de podar as árbores e levar a leña para a casa.

Felipe Labrada di que algunha árbore ten propietario.

Non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás quince horas e vinte minutos, redactándose a presente acta. Dou fe.